


Falsos **mitos** sobre a **vacina** contra a **gripe**



A vacina non é efectiva



A vacina é a mellor ferramenta de prevención dispoñible. A eficacia varía entre o 30 e o 70%, a causa das mutacións dos virus circulantes. Pero é efectiva para reducir a gravidade da enfermidade e diminuír a incidencia de complicacións e mortes.



Outros anos, despois de vacinarne, arrefrieime

A vacina obtense a partir de virus inactivados e, por tanto, non pode producir a gripe. No período de vacinación hai outros virus activos circulando e a vacina non protexe fronte a eles (arrefriados, farinxites...).

Ten efectos secundarios



As reaccións xeralmente son leves. Pode producir reaccións locais (15-20%) e febre ou malestar (2%).



Nunca estou enfermo. Nunca tiven a gripe

Cada ano entre un 5 e un 20% da poboación ten a gripe. Se pertence a un grupo de risco recoméndase a vacinación para evitar complicacións.

A gripe non é unha enfermidade grave



A gripe pode ser unha enfermidade grave. Cada ano no mundo morren entre 300.000 e 500.000 persoas a causa da gripe. As persoas maiores ou con enfermidades crónicas teñen máis risco de infección e/ou complicacións.



Estou embarazada. A vacina pode ter efectos nocivos para o feto

As embarazadas son más sensibles a contraer a gripe e teñen máis risco de complicacións: parto prematuro, cesárea, baixo peso do bebé. A vacinación protexe a nai e o fillo durante aproximadamente os primeiros seis meses de vida.

Plan General de Actividades Preventivas
de la Seguridad Social 2019

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL

DIRECCIÓN GENERAL DE ORGANIZACIÓN DE LA SEGURIDAD SOCIAL

